



sociedade galega de educación ambiental

XI ENCONTRO DA SGEA: VISITANDO O CASTRO DE VIGO

Sábado 10 de abril 2010.

Continuando na liña de propiciar a participación, o coñecemento, o encontro e o intercambio de experiencias entre [soci@s](#) e simpatizantes, a Sociedade Galega de Educación Ambiental convoca o 11º Encontro da SGEA.

Estes encontros celébranse sempre nun equipamento diferente, intentando diversificar ó máximo a situación xeográfica e os modelos de xestión dos mesmos.

Nesta ocasión a proposta lévanos ao sur, á cidade de Vigo, onde poderemos coñecer de primeira man os recursos interpretativos e educativos que recén están abertos ao público no Castro.

O monte de O Castro é o punto de orixe da cidade de Vigo, o lugar onde os primeiros poboadores asentáronse. Alí podemos encontrar restos castrenses datados do século II e III a.C. Hoxe en día aínda se conservan unhas 45 construcións pétreas na ladeira dereita do monte.

Máis información: http://www.sgea.org/documentos/000115_folleto_castro.pdf ;

<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2010/03/09/4000-personas-visitan-yacimiento-o-castro/418558.html>

Pero ademais, aproveitaremos a ocasión para falar das Xornadas Estatais e os temas que nos gustaría tratar nas mesmas.

A **inscrición** nos encontros é **de balde**. Máximo 25 prazas.

É imprescindible confirmar a asistencia, como **data límite o 7 de abril**, indicando se pensas quedar a comer.

Apúntate cubrindo a FICHA DE INSCRICIÓN:

<http://spreadsheets.google.com/viewform?formkey=dE5SLTIhaUNqdWlORUlnNjBmN2tnWGc6MA>

Para máis información contactade con:

SGEA: 981 523 556 Enderezo electrónico: sgea@sgea.org

PROGRAMA DO XI ENCONTRO:

Sábado 10 de abril

11:00 – 13:30

Xuntanza no centro de Vigo para recoller as propostas sobre as Xornadas Estatais no CITIC (confirmaremos si se producen cambios)

Cómo chegar? Enderezo postal: San Vicente, 3 (esq. Méndez Núñez)

http://www.paxinasgalegas.es/centro-municipal-de-formacion-en-nntt-citic-213016_310_2293.html

14:00 – 15:30

Xantar na Cova dos Ratos (local social de Vigo). Sobre uns 8€

Cómo chegar? Enderezo postal: Romil 3, baixo

<http://maps.google.com/maps?daddr=Romil+3%2C+bajo+36020+Vigo>

17:00 – 19:00

Visita ás escavacións do Castro

19:00h Bicos de despedida.